



Concello de Lugo

ENXEÑERÍA

PFF/pff

Refª: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_GR CONSTRUCC_ronda muralla fase 2-3 01-15

Asunto:

DE: ENXEÑERÍA
A: CONTRATACIÓN

INFORME DE ENXEÑERÍA

En relación á xustificación da oferta da mercantil GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. pola súa situación en presunción de temeridade no tocante á oferta económica dentro da licitación das obras "**OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN RONDA DA MURALLA (LOTE 1)**" emíttese o seguinte informe.

Escomezar indicando que a Baixa Media (segundo a información remitida polo Servizo de Contratación) calculada na apertura de plicas da obra de referencia foi do 22,40%. O orzamento Base de Licitación da devandita obra era de 284.999,99 €, correspondendo un importe de 221.150,54 € para a baixa media e un importe de 206.900,54 € para a baixa media máis cinco puntos porcentuais. A partir deste importe (cara abaixo) as propostas terán a consideración de temerarias.

Como primeira consideración, indicar que, para unha obra da natureza que se trata (reparación de pavimentos en formigón e mesturas bituminosas en quente, nunha vía con moito tráfico de paso) cunhas partidas orzamentarias moi concretas e nas que a marxe de redución ou rebaixa sobre os prezos de proxecto é tan dificultosa, (entendendo ademáis que aínda que se puidera tratar de xustificar polo volume de obra (importe total do orzamento), a complexidade na execución e as necesidades de mantemento de tráfico e a imposibilidade de afrontar simultaneamente a totalidade da obra, non caben aceptar razonamentos relativos ó de volume de obra a executar coma motivo para acadar importantes rebaixas nas partidas fundamentais), a baixa media conquerida se antolla excesiva, froito única e exclusivamente das circunstancias actuais do mercado.

A mercantil aporta unha xustificación baseada en tres puntos.

En primeiro lugar, presenta unha Memoria na que se indica que a baixa ó prezo de licitación se xustifica porque os prezos dos materiais son inferiores ós do proxecto (non se achegan orzamentos ou documentos acreditativos de tal circunstancia), maiores rendementos que os indicados no proxecto (sen indicar en qué se basea esta afirmación), menores gastos xerais (que cifra sen máis xustificación nun 4%) e menor intención de beneficio (que cifra nun 2%). Con estes argumentos indica que o orzamento de Execución Material que considera é de 157.832,08 € (non se xustifica o porqué desta cantidade), ó que engade un 4% en concepto de Gastos Xerais e un 2% en concepto de Beneficio Industrial, máis o IVE, arroxando a cantidade de 202.435,43 €. Non se considera xustificado o orzamento presentado.

Presenta, baixo a denominación "Volumen de obra ya contratado", unha relación de obras que actualmente ten contratadas coa administración (non indica se existen outros contratos privados ou non), nos que declara a porcentaxe de obra xa executada para as catro obras indicadas.

*Recibido en Contratación
o día 13/5/15*

ENXEÑERIA

PFF/pff

Refª: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_GR CONSTRUCC_ronda muralla fase 2-3 01-15

Asunto:

No apartado titulado "Relación entre la solvencia de la empresa y la oferta presentada" se achegan unha serie de prezos que a mercantil indica que considerou para a mestura bituminosa en quente, marcas viais, formigón HA-25 e zahorra artificial. Non se xustifica ningún dos mesmos, sendo algún deles tan baixo (prezo da zahorra) que non se pode considerar que se corresponda cun correcto estudio de custes, ou ben que se trata dun material que non reúne as esixencias do Prego de Prescricións Técnicas Particulares do proxecto.

Presenta posteriormente un extenso apartado de Solvencia Técnica, no que presenta o compromiso de adscribir medios á obra, un organigrama do equipo de traballo, curriculum vitae do xefe de obra e do encargado, relación de obras executadas pola mercantil e algún certificado de boa execución.

De conformidade co artigo 152, apartado 3 do "R.D. L. 3/2011 de 14 de novembro por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público", o licitador deberá xustificar a valoración da oferta e precisar as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

A documentación incluída na xustificación remitida ó Concello de Lugo, é, a xuízo do técnico que suscribe, un conxunto de declaracións de intencións cunha insuficiente relación de prezos (que non se xustifican) para tentar aclarar a oferta presentada para a execución da obra, pero non se pode considerar xustificada a composición dos prezos propostos. Non acompaña ningunha xustificación sobre os rendementos do persoal, custes dos materiais, da maquinaria e do resto dos conceptos que interveñen na formación de ditos prezos., ou a xustificación da súa fixación.

Como valoración, ó criterio do que suscribe, non semella cumprir co expresado no apartado 3 do artigo 152 citado, polo que o técnico que suscribe non entende que se poida considerar xustificada a oferta económica presentada, polo que propón a súa desestimación.

É canto cabe informar.

Lugo, a 19 de marzo de 2015
O Xefe de Servizo de Enxeñería

Asdo.: Pablo Fuentes Faílde



Concello de Lugo

ENXEÑERÍA

PFF/pff

Ref^a: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_SYR-AMG_ronda muralla fase 2-3

01-15

Asunto:

DE: ENXEÑERÍA
A: CONTRATACIÓN

INFORME DE ENXEÑERÍA

En relación á xustificación da oferta da mercantil SYR-AMG Obras y Servicios, S.L.U. pola súa situación en presunción de temeridade no tocante á oferta económica dentro da licitación das obras "**OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN RONDA DA MURALLA (LOTE 1)**" emítese o seguinte informe.

Escomezar indicando que a Baixa Media (segundo a información remitida polo Servizo de Contratación) calculada na apertura de plicas da obra de referencia foi do 22,40%. O orzamento Base de Licitación da devandita obra era de 284.999,99 €, correspondendo un importe de 221.150,54 € para a baixa media e un importe de 206.900,54 € para a baixa media máis cinco puntos porcentuais. A partir deste importe (cara abaixo) as propostas terán a consideración de temerarias.

Como primeira consideración, indicar que, para unha obra da natureza que se trata (reparación de pavimentos en formigón e mesturas bituminosas en quente, nunha vía con moito tráfico de paso) cunhas partidas orzamentarias moi concretas e nas que a marxe de redución ou rebaixa sobre os prezos de proxecto é tan dificultosa, (entendendo ademáis que aínda que se puidera tratar de xustificar polo volume de obra (importe total do orzamento), a complexidade na execución e as necesidades de mantemento de tráfico e a imposibilidade de afrontar simultaneamente a totalidade da obra, non caben aceptar razonamentos relativos ó de volume de obra a executar coma motivo para acadar importantes rebaixas nas partidas fundamentais), a baixa media conquerida se antolla excesiva, froito única e exclusivamente das circunstancias actuais do mercado.

A mercantil aporta unha brevísima xustificación de dúas páxinas baseada en cinco argumentos: Baixos Gastos Xerais, (por tratarse dunha empresa familiar e de pequena dimensión); reducido Beneficio Industrial (obxectivo de captación de mercado por ser unha empresa xoven); Persoal altamente cualificado e ampla experiencia; Maquinaria en propiedade practicamente amortizada; e rendementos maiores como suma dos catro argumentos anteriores.

Engade que a oferta da mercantil é o resultado dun estudio de custes razoado e prudente, que inclúe unha porcentaxe para imprevistos e uns gastos xerais e beneficio industrial mínimos sobre o prezo de adxudicación.

De conformidade co artigo 152, apartado 3 do "R.D. L. 3/2011 de 14 de novembro por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público", o licitador deberá xustificar a valoración da oferta e precisar as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións

Recibido en Contratación
o día 13/5/15



MURALLA
departamento de Contratación

ENXENIERIA

PFF/pff

Ref^a: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_SYR-AMG_ronda muralla fase 2-3
01-15

Asunto:


relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

A documentación incluída na xustificación remitida ó Concello de Lugo, é, a xuízo do técnico que suscribe, un conxunto de declaracións de intencións cunha inexistente relación de prezos (que non se xustifican) para tentar aclarar a oferta presentada para a execución da obra. Non acompaña ningunha xustificación sobre os rendementos do persoal, custes dos materiais, da maquinaria e do resto dos conceptos que interveñen na formación de ditos prezos., ou a xustificación da súa fixación. Nin tan sequera se indica a porcentaxe considerada para Gastos Xerais ou Beneficio Industrial.

Como valoración, ó criterio do que suscribe, non semella cumprir co expresado no apartado 3 do artigo 152 citado, polo que o técnico que suscribe non entende que se poida considerar xustificada a oferta económica presentada, polo que propón a súa desestimación.

É canto cabe informar.

Lugo, a 19 de marzo de 2015
O Xefe de Servizo de Enxeñería



Asdo.: Pablo Fuentes Fálde



Concello de Lugo

ENXEÑERÍA

PFF/pff

Refª: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_LANCER_nicomedes pastor diaz 01-15

Asunto:

DE: ENXEÑERÍA
A: CONTRATACIÓN

INFORME DE ENXEÑERÍA

En relación á xustificación da oferta da mercantil LANCER Proyectos y Obras, S.A. pola súa situación en presunción de temeridade no tocante á oferta económica dentro da licitación das obras "**OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN NICOMEDES PASTOR DÍAZ (LOTE 2)**" emítese o seguinte informe.

Escomezar indicando que a Baixa Media (segundo a información remitida polo Servizo de Contratación) calculada na apertura de plicas da obra de referencia foi do 14,20%. O orzamento Base de Licitación da devandita obra era de 27.500,00 €, correspondendo un importe de 23.593,66 € para a baixa media e un importe de 20.843,66 € para a baixa media máis dez puntos porcentuais. A partir deste importe (cara abaixo) as propostas terán a consideración de temerarias.

Como primeira consideración, indicar que, para unha obra das características pola natureza e polo importe de licitación (contrato menor), cunhas partidas orzamentarias moi concretas e nas que a marxe de redución ou rebaixa sobre os prezos de proxecto é tan dificultosa, a baixa media conquerida se antolla excesiva, froito única e exclusivamente das circunstancias actuais do mercado.

A mercantil aporta unha brevísimas xustificación dunha páxina estruturada en cinco puntos. Comeza manifestando a conformidade da oferta presentada; indica que conta con canteira e pranta de produción de mesturas bituminosas propias, así coma maquinaria suficiente para realizar os traballos; a continuación indica que traballan con asiduidade na zona (non no Concello de Lugo) podendo os provedores da zona ofertar prezos máis competitivos; Afirma que se atopa executando obras na zona de influencia da que é obxecto a obra, o que fai que os gastos xerais estén moito máis axustados.

De conformidade co artigo 152, apartado 3 do "R.D. L. 3/2011 de 14 de novembro por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público", o licitador deberá xustificar a valoración da oferta e precisar as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

A documentación incluída na xustificación remitida ó Concello de Lugo, é, a xuízo do técnico que suscribe, un conxunto de declaracións de intencións cunha inexistente relación de prezos para tentar aclarar a oferta presentada para a execución da obra. Non acompaña ningunha xustificación sobre os rendementos do persoal, custes dos materiais, da maquinaria e do resto dos conceptos que interveñen na formación de ditos prezos, ou a xustificación da súa fixación. Nin tan

RECIBIDO EN CONTRATACIÓN
o día 14/3/15



MURALLA
patrimonio de Murallas

ENXEÑERÍA

PFF/pff

Ref: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_LANCER_nicomedes pastor diaz 01-15

Asunto:

sequera se indica a porcentaxe considerada para Gastos Xerais ou Beneficio Industrial.

Como valoración, ó criterio do que suscribe, non semella cumprir co expresado no apartado 3 do artigo 152 citado, polo que o técnico que suscribe non entende que se poida considerar xustificada a oferta económica presentada, polo que propón a súa desestimación.

É canto cabe informar.

Lugo, a 23 de marzo de 2015
O Xefe de Servizo de Enxeñería

Asdo.: Pablo Fuentes Faílde



Concello de Lugo

ENXEÑERÍA

PFF/pff

Refª: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_LANCER_monforte 01-15

Asunto:

DE: ENXEÑERÍA
A: CONTRATACIÓN

INFORME DE ENXEÑERÍA

En relación á xustificación da oferta da mercantil LANCER Proyectos y Obras, S.A. pola súa situación en presunción de temeridade no tocante á oferta económica dentro da licitación das obras "**OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN RÚA MONFORTE (LOTE 3)**" emítense o seguinte informe.

Escomezar indicando que a Baixa Media (segundo a información remitida polo Servizo de Contratación) calculada na apertura de plicas da obra de referencia foi do 14,99%. O orzamento Base de Licitación da devandita obra era de 38.499,99 €, correspondendo un importe de 32.728,76 € para a baixa media e un importe de 28.878,76 € para a baixa media máis dez puntos porcentuais. A partir deste importe (cara abaixo) as propostas terán a consideración de temerarias.

Como primeira consideración, indicar que, para unha obra das características pola natureza e polo importe de licitación (contrato menor), cunhas partidas orzamentarias moi concretas e nas que a marxe de redución ou rebaixa sobre os prezos de proxecto é tan dificultosa, a baixa media conquerida se antolla excesiva, froito única e exclusivamente das circunstancias actuais do mercado.

A mercantil aporta unha brevíssima xustificación dunha páxina estruturada en cinco puntos. Comeza manifestando a conformidade da oferta presentada; indica que conta con canteira e pranta de produción de mesturas bituminosas propias, así coma maquinaria suficiente para realizar os traballos; a continuación indica que traballan con asiduidade na zona (non no Concello de Lugo) podendo os provedores da zona ofertar prezos máis competitivos; Afirma que se atopa executando obras na zona de influencia da que é obxecto a obra, o que fai que os gastos xerais estén moito máis axustados.

De conformidade co artigo 152, apartado 3 do "R.D. L. 3/2011 de 14 de novembro por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público", o licitador deberá xustificar a valoración da oferta e precisar as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

A documentación incluída na xustificación remitida ó Concello de Lugo, é, a xuízo do técnico que suscribe, un conxunto de declaracións de intencións cunha inexistente relación de prezos para tentar aclarar a oferta presentada para a execución da obra. Non acompaña ningunha xustificación sobre os rendementos do persoal, custes dos materiais, da maquinaria e do resto dos conceptos que interveñen na formación de ditos prezos, ou a xustificación da súa fixación. Nin tan

*Recibido en Contratación
18/5/15*



MURALLA
patrimonio de humanidade

ENXENIERIA

PFF/pff

Refª: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_LANCER_monforte 01-15


Asunto:

sequera se indica a porcentaxe considerada para Gastos Xerais ou Beneficio Industrial.

Como valoración, ó criterio do que suscribe, non semella cumprir co expresado no apartado 3 do artigo 152 citado, polo que o técnico que suscribe non entende que se poida considerar xustificada a oferta económica presentada, polo que propón a súa desestimación.

É canto cabe informar.

Lugo, a 23 de marzo de 2015
O Xefe de Servizo de Enxeñaría



Asdo.: Pablo Fuentes Faílde



Concello de Lugo

ENXENIERIA

PFF/pff

Refª: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_OVISA_monforte 01-15

Asunto:

DE: ENXEÑERÍA
A: CONTRATACIÓN

INFORME DE ENXEÑERÍA

En relación á xustificación da oferta da mercantil OVISA Pavimentos y Obras, S.L.U. pola súa situación en presunción de temeridade no tocante á oferta económica dentro da licitación das obras "**OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN RÚA MONFORTE (LOTE 3)**" emítese o seguinte informe.

Escomezar indicando que a Baixa Media (segundo a información remitida polo Servizo de Contratación) calculada na apertura de plicas da obra de referencia foi do 14,99%. O orzamento Base de Licitación da devandita obra era de 38.499,99 €, correspondendo un importe de 32.728,76 € para a baixa media e un importe de 28.878,76 € para a baixa media máis dez puntos porcentuais. A partir deste importe (cara abaixo) as propostas terán a consideración de temerarias.

Como primeira consideración, indicar que, para unha obra das características pola natureza e polo importe de licitación (contrato menor), cunhas partidas orzamentarias moi concretas e nas que a marxe de redución ou rebaixa sobre os prezos de proxecto é tan dificultosa, a baixa media conquerida se antolla excesiva, froito única e exclusivamente das circunstancias actuais do mercado.

A mercantil aporta unha xustificación que comeza cunha descomposición da obra nas porcentaxes representativas dos capítulos da mesma. Conclúe, de xeito correcto, que se trata dunha obra de pavimentación, sendo este un tipo de obra no que recalca a dilatada experiencia da mercantil en toda Galicia (45 anos de existencia), indicando exemplos en tramos de autovía do Estado, corredores de titularidade Autonómica, etc...

Engade que a mercantil conta con persoal experimentado e coa maquinaria axeitada para obter un elevado rendemento nos traballos propios a executar. Prosegue indicando que a mercantil dispón de medios propios, materiais e humanos postos a disposición do contrato de maneira inmediata, indicando a dispoñibilidade de realizar os traballos con medios propios en todas as partidas, agás no relativo á sinalización que supón un 6,80% do prezo do contrato.

Xa, como conclusión da xustificación, indica que a mercantil ten as súas instalacións principais en Outeiro de Rei, a escasos 10 km da zona das obras, o que reforza a inmediatez de calquera operación de reparación, substitución de maquinarias avariadas, etc...

Acompaña dous Anexos. O primeiro consiste nunha extensa relación de obras executadas (fundamentalmente para a Administración Autonómica) con certificados de boa execución dun elevado número delas. O segundo está conformado por unha táboa na que se relaciona a maquinaria da mercantil (enténdese que en propiedade).

*Recibido en Contratación
o día 22/5/15*



MURALLA
patrimonio de Fundacións

ENXENIERIA

PFF/pff

Refº: INFORME_justificacion temeridad oferta económica_OVISA_monforte 01-15

Asunto:

De conformidade co artigo 152, apartado 3 do “R.D. L. 3/2011 de 14 de novembro por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público”, o licitador deberá xustificar a valoración da oferta e precisar as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

A documentación incluída na xustificación remitida ó Concello de Lugo, é, a xuízo do técnico que suscribe, un conxunto de declaracións de intencións cunha inexistente relación de prezos para tentar aclarar a oferta presentada para a execución da obra. Non acompaña ningunha xustificación sobre os rendementos do persoal, custes dos materiais, da maquinaria e do resto dos conceptos que interveñen na formación de ditos prezos, ou a xustificación da súa fixación. Nin tan sequera se indica a porcentaxe considerada para Gastos Xerais ou Beneficio Industrial.

Como valoración, ó criterio do que suscribe, non semella cumprir co expresado no apartado 3 do artigo 152 citado, polo que o técnico que suscribe non entende que se poida considerar xustificada a oferta económica presentada, polo que propón a súa desestimación.

É canto cabe informar.

Lugo, a 23 de marzo de 2015
O Xefe de Servizo de Enxeñería

Asdo.: Pablo Fuentes Faílde

